

## Contas económicas trimestrais. Primeiro trimestre de 2011

### NOTA DE PRENSA

## A economía galega rexistra un crecemento intertrimestral do 0,4% no primeiro trimestre de 2011.

O crecemento interanual foi do 0,7%.

O Produto interior bruto (PIB) xerado pola economía galega no primeiro trimestre de 2011 rexistrou un crecemento de sete décimas con respecto ao mesmo período do ano anterior, medido en termos de índices de volume e con datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Este crecemento supón unha subida de dúas décimas sobre o crecemento observado no trimestre anterior.

O crecemento interanual do PIB galego no primeiro trimestre do ano é inferior ao dato avance difundido polo INE de crecemento da economía española (0,8%).


Neste trimestre o incremento intertrimestral sitúase no 0,4%, cinco décimas superior ao crecemento do trimestre anterior e unha décima superior á taxa intertrimestral nacional.

### Produto interior bruto

*Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario*

	2009	2010	2010				2011
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I
Variación interanual	-3,1	0,1	-1,1	0,1	0,7	0,5	<b>0,7</b>
Variación intertrimestral	--	--	0,2	0,3	0,1	-0,1	<b>0,4</b>


Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais



Fonte: IGE, INE, EUROSTAT

## Demanda

No primeiro trimestre de 2011, a achega da demanda en termos nacionais ao crecemento do PIB foi de -1,9 puntos porcentuais, tres décimas superior á contribución do trimestre anterior. O gasto en consumo final presenta un descenso do 0,4%, coincidente co rexistrado no trimestre anterior, o apartado da formación bruta de capital rexistra un descenso do 5,7%, oito décimas menor que o descenso observado no trimestre precedente. A contribución do sector exterior é de 2,6 puntos porcentuais, unha décima menor que no trimestre anterior.



Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

## Demanda. Índices de volume. Referencia ano 2005=100

*Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)*

Operacións	2009	2010	2010				2011
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I
Gasto en consumo final	-0,6	-0,3	-0,4	0,2	-0,5	-0,4	-0,4
-Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	-2,3	-0,4	-0,7	0,2	-0,6	-0,7	-1,0
-Gasto en consumo final das AAPP	4,7	0,2	0,4	0,0	0,0	0,2	1,3
Formación bruta de capital	-10,0	-6,2	-5,0	-6,4	-6,9	-6,5	-5,7
Demanda en termos nacionais <sup>(1)</sup>	-3,5	-1,9	-1,7	-1,7	-2,3	-2,2	-1,9
Exportacións de bens e servizos	-11,3	7,1	16,0	8,4	3,7	1,6	3,9
Importacións de bens e servizos	-10,1	2,4	11,9	3,5	-1,7	-2,8	-1,0
<b>PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado</b>	<b>-3,1</b>	<b>0,1</b>	<b>-1,1</b>	<b>0,1</b>	<b>0,7</b>	<b>0,5</b>	<b>0,7</b>

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

<sup>(1)</sup> Achega ao crecemento do PIB pm.

O gasto en consumo final dos fogares e institucións sen fins de lucro ao servizo dos fogares decrece un 1,0% no primeiro trimestre de 2011, tres décimas superior ao descenso que experimentou no trimestre anterior. A debilidade deste agregado reside sobre todo na atonía do mercado de traballo que diminúe a renda dispoñible. Os principais indicadores de consumo amosan un comportamento similar ao do agregado: o índice de vendas de comercio polo miúdo deflactado e corrixido de estacionalidade e calendario rexistrou no primeiro trimestre de 2011

un descenso interanual superior ao rexistrado no trimestre anterior, as matriculacións de turismos tamén manifestan neste trimestre descensos superiores aos do trimestre precedente. En cambio, o índice de confianza do consumidor presenta neste trimestre unha mellora respecto ao trimestre anterior de 2,3 puntos.

No mesmo período, a taxa de crecemento do gasto en consumo final das administracións públicas é 1,1 puntos superior á taxa observada no trimestre anterior quedando no 1,3%, moi inferior aos crecementos superiores ao 4% dos anos anteriores a 2010.

A formación bruta de capital mostra un ritmo de caída inferior á do trimestre anterior, descendeu un 5,7% neste trimestre. A inversión en construción residencial, a matriculación de vehículos de carga e a produción industrial de bens de equipo rexistran un menor descenso que no trimestre anterior. Os datos de importación de bens de equipo indican un comportamento inverso: aumenta a xa elevada caída interanual do trimestre anterior.

Como xa se comentou anteriormente, no primeiro trimestre de 2011 a achega da demanda externa neta foi de 2,6 puntos, unha décima menor que a estimada no trimestre anterior. As exportacións presentan un crecemento do 3,9%, aumentando 2,3 puntos o crecemento do trimestre precedente; as exportacións de bens e servizos a outros países elevaron fortemente o seu ritmo de crecemento e compensan a atonía da demanda do resto de España e a caída do gasto dos non residentes. Pola súa parte, as importacións caeron un 1,0%, o que supón diminuír 1,8 puntos o descenso do trimestre anterior.

## **Oferta**

Dende a perspectiva da oferta, no primeiro trimestre de 2011 os crecementos interanuais son positivos no sector primario, ramas industriais e nos servizos. En sentido contrario, as ramas enerxéticas e a construción rexistran un crecemento negativo; as primeiras mostran un forte descenso e a construción continúa con taxas negativas con respecto ao mesmo trimestre do ano anterior.

As ramas agraria, gandeira e pesqueira presentan un crecemento do 2,1%, o comportamento do sector pesqueiro e gandeiro é o responsable deste rexistro.

As ramas enerxéticas rexistran un decrecemento do 6,3%, 4,1 puntos por enriba da caída do trimestre anterior. No caso das ramas industriais acádase unha taxa de variación interanual superior en cinco puntos á taxa do trimestre anterior, mostrando un rexistro do 1,6%; no índice de produción industrial destas ramas apréciase unha evolución similar.

A taxa de crecemento do sector da construción foi do -3,7%, 0,3 puntos inferior ao descenso rexistrado no trimestre anterior. A edificación residencial e a non residencial melloran as taxas interanuais do último trimestre de 2010 e compensan a maior caída rexistrada na obra civil.

Por último, neste trimestre o sector dos servizos presenta un crecemento interanual do 1,4%, o que implica un crecemento dúas décimas inferior ao do trimestre precedente. Os servizos de mercado empeoran cinco décimas a súa taxa interanual acadando un crecemento do 1,5%. Os servizos non de mercado creceron un 1,0%.

### Oferta. Índices de volume. Referencia ano 2005=100

*Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)*

Operacións	2009	2010	2010				2011
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I
Ramas agraria e pesqueira	-2,1	3,1	0,6	2,1	4,1	5,7	2,1
Ramas enerxéticas	-3,2	3,5	11,9	0,8	3,8	-2,2	-6,3
Ramas industriais	-13,7	-0,5	-0,5	3,8	-1,6	-3,4	1,6
Construción	-5,6	-5,8	-7,2	-6,7	-5,1	-4,0	-3,7
Ramas dos servizos	0,0	0,7	-0,8	0,4	1,6	1,6	1,4
- Servizos de mercado	-1,4	0,7	-1,5	0,6	1,8	2,0	1,5
- Servizos non de mercado	4,4	0,6	1,2	-0,3	1,1	0,4	1,0
Impostos netos sobre os produtos	-3,1	1,2	-1,2	1,1	2,3	2,9	1,9
<b>PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado</b>	<b>-3,1</b>	<b>0,1</b>	<b>-1,1</b>	<b>0,1</b>	<b>0,7</b>	<b>0,5</b>	<b>0,7</b>

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

### Emprego

O emprego, medido en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo, decreceu no primeiro trimestre deste ano un 1,3%, o que supuxo un descenso de 14.163 postos de traballo equivalentes nun ano.

### Emprego por ramas de actividade

#### Postos de traballo equivalentes a tempo completo

*Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)*

	2009	2010	2010				2011
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I
Ramas agraria e pesqueira	-0,4	-3,9	-5,8	-6,2	-2,5	-1,1	2,1
Ramas enerxéticas	-4,6	-1,8	-3,8	-2,2	-1,1	-0,2	-1,2
Ramas industriais	-8,8	-4,6	-5,2	-4,7	-4,1	-4,5	-3,4
Construción	-14,4	-9,8	-12,6	-10,4	-8,4	-7,3	-6,7
Ramas dos servizos	-1,2	-0,2	-0,4	-0,2	0,4	-0,8	-0,4
- Servizos de mercado	-2,3	-0,9	-1,3	-1,1	0,1	-1,4	-1,2
- Servizos non de mercado	1,2	1,3	1,5	1,8	1,2	0,6	1,2
<b>TOTAL POSTOS DE TRABALLO EQUIVALENTES A TEMPO COMPLETO</b>	<b>-3,9</b>	<b>-2,2</b>	<b>-3,0</b>	<b>-2,5</b>	<b>-1,4</b>	<b>-2,0</b>	<b>-1,3</b>

Fonte: IGE. Contabilidade trimestral

Atendendo ás ramas de actividade cómpre destacar que os maiores descensos prodúcense nas ramas da construción e nas industriais; os servizos de mercado e as ramas enerxéticas

descenden un 1,2%. As ramas de servizos non de mercado e as agrarias e pesqueira presentan crecementos positivos.

As ramas agraria e pesqueira mostran un crecemento interanual do 2,1% no primeiro trimestre do ano, as ramas enerxéticas rexistran unha caída do 1,2%, un punto superior ao descenso do trimestre precedente e as industriais caeron un 3,4%, 1,1 puntos menos que o descenso do trimestre anterior. A construción acada un decrecemento do 6,7% e diminúe o ritmo de descenso en seis décimas.

Os servizos de mercado minoran o decrecemento do trimestre anterior en dúas décimas, quedando situada a taxa no -1,2%. Os non de mercado experimentan un crecemento interanual do 1,2%, seis décimas superior ao crecemento do trimestre anterior.

## Emprego por ramas de actividade

### Postos de traballo equivalentes a tempo completo asalariados

*Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)*

	2009	2010	2010				2011
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I
Ramas agraria e pesqueira	5,0	-8,0	-17,6	-11,2	-1,7	-0,9	15,9
Ramas enerxéticas	-3,4	-1,8	-3,6	-2,0	-1,2	-0,3	-1,5
Ramas industriais	-9,5	-5,3	-6,3	-5,5	-4,6	-4,8	-4,5
Construción	-16,8	-11,5	-14,6	-12,4	-10,0	-8,6	-8,5
Ramas dos servizos	-0,8	0,0	0,0	0,1	0,6	-0,8	-0,6
- Servizos de mercado	-1,8	-0,8	-0,9	-0,9	0,2	-1,6	-1,6
- Servizos non de mercado	1,2	1,3	1,5	1,8	1,2	0,6	1,2
<b>POSTOS DE TRABALLO EQUIVALENTES A TEMPO COMPLETO ASALARIADO</b>	<b>-4,0</b>	<b>-2,5</b>	<b>-3,5</b>	<b>-2,7</b>	<b>-1,5</b>	<b>-2,2</b>	<b>-1,4</b>

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

Distinguindo por situación profesional, o emprego asalariado, en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo, amosou neste trimestre unha taxa de variación interanual do -1,4%, dato que supón unha diminución de 12.898 postos de traballo asalariados a tempo completo nun ano.

Considerando de forma conxunta o crecemento do PIB trimestral e o do emprego, a variación interanual da produtividade aparente do factor traballo sitúase no 2,0%, cinco décimas menos que a variación rexistrada no trimestre anterior.

## Prezos correntes

O PIB valorado a prezos correntes presenta no primeiro trimestre de 2011 un crecemento interanual do 2,8%, un punto superior ao do trimestre precedente. Este crecemento implica unha taxa do deflactor implícito do 2,1%, oito décimas máis que a do trimestre anterior.

## Produto Interior Bruto trimestral e os seus compoñentes. Prezos correntes

*Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación anual e interanual (%)*

Operacións	2009	2010	2010				2011
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I
Gasto en consumo final	-0,9	1,4	0,2	1,9	1,6	1,7	1,7
-Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	-3,3	1,8	-0,2	2,5	2,3	2,7	2,4
-Gasto en consumo final das AAPP	6,0	0,1	1,4	0,4	-0,5	-1,0	-0,3
Formación bruta de capital	-9,3	-2,6	-2,7	-2,0	-2,9	-2,7	-2,8
Demanda en termos nacionais <sup>(1)</sup>	-3,6	0,4	-0,6	1,0	0,5	0,7	0,6
Exportacións de bens e servizos	-13,6	6,4	13,0	9,0	1,8	3,0	7,8
Importacións de bens e servizos	-13,1	3,5	10,9	5,5	-2,2	0,7	3,0
<b>PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado</b>	<b>-2,4</b>	<b>1,4</b>	<b>-0,7</b>	<b>2,1</b>	<b>2,7</b>	<b>1,8</b>	<b>2,8</b>
Ramas agraria e pesqueira	-4,9	5,6	2,5	4,3	9,5	6,4	2,3
Ramas enerxéticas	0,9	5,3	15,1	3,0	5,0	-0,9	1,7
Ramas industriais	-13,5	-0,7	-1,0	3,2	-1,4	-3,5	4,3
Construción	-6,5	-6,0	-6,9	-7,5	-5,5	-3,8	-3,9
Ramas dos servizos	2,9	0,6	-1,0	0,5	1,2	1,7	0,0
- Servizos de mercado	1,6	0,8	-2,2	0,6	1,7	3,1	4,2
- Servizos non de mercado	7,1	0,0	2,5	0,2	-0,3	-2,2	-2,7
Impostos netos sobre os produtos	-15,1	19,3	3,8	27,1	30,7	17,6	12,8

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

<sup>(1)</sup> Achega ao crecemento do PIB pm.

### Para máis información:

Instituto Galego de Estatística  
 Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
 15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
 Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>  
 Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
 FAX: 981.54.13.23  
 Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>